

EMPREGO GALICIA

Preguntas máis frecuentes das persoas demandantes sobre as medidas COVID-19



XUNTA
DE GALICIA

1 ESTÁ ABERTA AO PÚBLICO A MIÑA OFICINA DE EMPREGO?

Non, como consecuencia da evolución epidemiolóxica do COVID-19 e por seguridade, as oficinas de emprego están pechadas ao público, pero continúan traballando para ti e ofrecen atención telefónica e telemática para resolver os teus trámites urxentes.

2 TEÑO QUE RENOVAR PROXIMAMENTE A MIÑA DEMANDA DE EMPREGO, QUE TEÑO QUE FACER?

Nos tes que facer nada. Emprego Galicia renovará de oficio a túa demanda de emprego ata o próximo día 30 de setembro.

3 NUNCA ESTIVEN INSCRITA/O COMO DEMANDANTE DE EMPREGO EN GALICIA E NECESITO SOLICITAR A MIÑA ALTA INICIAL PARA TRAMITAR UNHA PRESTACIÓN OU SUBSIDIO, ACCEDER A UNHA OFERTA OU POR ESTAR AFECTADA/O POR UN ERTE, COMO TEÑO QUE FACER?

Neste caso tes á túa disposición o novo Formulario de solicitude de alta inicial premendo [neste enlace](#).

Unha vez rexistrada a túa solicitude, a oficina de emprego contactará contigo para consultar, de ser o caso, os datos que sexan necesarios para completar a túa demanda de emprego.

Se a túa demanda xa está rexistrada, o formulario dará un aviso advertindo que xa tes unha demanda no noso sistema. Consulta entón as seguintes preguntas.

4 NECESITO SOLICITAR UNHA PRESTACIÓN OU SUBSIDIO, PERO TEÑO A MIÑA DEMANDA EN BAIXA, COMO DEBO ACTUAR?

Debes dirixirte directamente á Oficina de Prestacións do Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE) a través do sistema de cita previa virtual habilitado na súa web, [neste enlace](#).

Tamén podes empregar o novo formulario de pre-solicitude de prestación individual por desemprego dispoñible [aquí](#).

! Importante! Se a prestación está relacionada cun ERTE iniciado como consecuencia do COVID-19, consulta a seguinte pregunta.

5. A MIÑA EMPRESA COMUNICOME QUE VAI SOLICITAR UN ERTE DE FORZA MAIOR COMO CONSECUENCIA DO COVID-19, TEÑO QUE FACER ALGÚN TRÁMITE PARA SOLICITAR A PRESTACIÓN?

Non tes que facer ningún trámite. A empresa ten que presentar a solicitude do ERTE para a súa autorización pola autoridade laboral e tamén comunicará os datos ao Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE), para que este inicie a tramitación da túa prestación.

6**NECESITO URXENTEMENTE FACER UN TRÁMITE NA MIÑA DEMANDA QUE NON ESTÁ RELACIONADO CUNHA PRESTACIÓN OU SUBSIDIO, COMO O FAGO?**

Contacta coa túa oficina de emprego telefonicamente ou por correo electrónico e eles realizarán o trámite cos datos que lles facilites.

Podes consultar os datos de contacto da túa oficina de emprego [premendo aquí](#).

Se o que necesitas é reactivar a túa demanda de emprego en baixa podes facelo de forma telemática a través da Oficina Virtual de Emprego Galicia, seguindo as instrucións [deste enlace](#).

Podes xerar ou resetear o contrasinal de acceso á dita oficina virtual por medio do correo electrónico asociado á túa demanda. [Consulta aquí como facelo](#).

7**TEÑO QUE ACREDITAR A BUSCA ACTIVA DE EMPREGO (BAE) PARA SOLICITAR UNHA RENDA ACTIVA DE INSERCIÓN (RAI) OU UN SUBSIDIO EXTRAORDINARIO DE DESEMPREGO (SED)?**

Neste período extraordinario, non será necesario que acredites a BAE, tramitarase o teu subsidio ou renda igualmente.

8**SON UNHA PERSOA ESTRANXEIRA E TEÑO PENDENTE RENOVAR A MIÑA AUTORIZACIÓN ADMINISTRATIVA OU PRESENTAR DOCUMENTACIÓN NA OFICINA DE EMPREGO, QUÉ TEÑO QUE FACER?**

Non tes que facer nada. Non se dará de baixa ás persoas estranxeiras que teñan pendente a renovación dunha autorización administrativa ou estean pendentes de presentar algunha documentación xustificativa.

9**TEÑO UNHA CITA DE ORIENTACIÓN PARA OS PRÓXIMOS DÍAS, TEÑO QUE ACUDIR Á OFICINA DE EMPREGO OU CENTRO?**

Non, as citas de orientación presenciais están suspendidas. No seu caso, a túa orientadora ou orientador contactará contigo para facer un seguimento telefónico.

10**ESTOU A FACER UN CURSO DE FORMACIÓN PARA O EMPREGO FINANCIADO POLA XUNTA DE GALICIA QUE ESTÁ SUSPENDIDO, CAL É A MIÑA SITUACIÓN?**

O curso está suspendido temporalmente pero en canto finalice este período retomarase a súa actividade. Se tes algunha dúbida podes contactar coa entidade que imparte do curso que che facilitará toda a información necesaria.



Amplía información en emprego.xunta.gal ou no  **Emprego Galicia**